

Código do documento	Código do expediente
USG15I040W	USG/2021/208
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2H30 5R2C 0V12 505S 1A1A	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día dez de decembro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE, don Miguel Suárez García e a concelleira do grupo político popular, dona Izaskun García Gorostizu.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG15I040W	USG/2021/208
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2H30 5R2C 0V12 505S 1A1A	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 20.10.2021.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 20 de outubro de 2021, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión extraordinaria de data 20 de outubro de 2021, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 20 de outubro de 2021.

2.- PROPOSTA SOBRE CAMBIO DE USO DA PARCELA DA ESCOLA INFANTIL DE CELAS (REFERENCIA CATASTRAL 8087401NH4888N0001IK)

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data tres de decembro de dous mil vinte e un (código de documento UAU15I03YS), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural na sesión de data tres de decembro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, PARA CAMBIO DE USO DA PARCELA DA ESCOLA INFANTIL DE CELAS IN-10, SITUADA NO LUGAR DE CELAS NÚM 11, COA REF. CATASTRAL 8087401NH4888N0001IK, COA CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA, DE ACORDO CO PXOU, DE SOLO URBANO EQUIPAMENTO DOCENTE PREESCOLAR A OUTRO USO DE EQUIPAMENTO ASISTENCIAL PÚBLICO.

ANTECEDENTES:

- Expediente UME/2018/286
- Expediente UAU/2021/647

O Concello de Culleredo é propietario da escola pública de Celas así como da parcela na que se ubica (códigos e inventario IN-9 e IN-10 respectivamente).

Preténdese a aprobación do proxecto básico e de execución do “Centro rural dinamizador de persoas maiores” redactado por don Alejandro Jesús García Rodríguez, arquitecto colegiado número 20.007, e asinado en data 8/02/2021, do que o orzamento ascende a cantidade de 233.263,80 euros co IVA engadido e localizado na parcela da escola infantil de Celas IN-10 (Ref. catastral 8087401NH4888N0001IK).

Consta no expediente UME/2018/286 informe emitido por parte do xefe de servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, en funcións de arquitecto municipal por resolución número 404 de 18 de marzo de 2021, asinado en data 30/03/2021 (código de documento UAU15I019W) favorable para a aprobación do proxecto construtivo, no que engade en relación coa clasificación do solo:

“(...) El suelo es urbano y está cualificado como Suelo de equipamiento docente, por lo que sería preciso el cambio de docente a asistencial, que precisa aprobación en pleno por mayoría.(...)”

Código do documento	Código do expediente
USG15I040W	USG/2021/208
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2H30 5R2C 0V12 505S 1A1A	

Así mesmo, consta no citado expediente petición de informe xurídico á asesoría xurídica así como a redacción de dito informe inconclusa por faltar documentos esenciais para a súa emisión, en concreto o cambio de uso do solo obxecto de este informe.

Con data 16/11/2021 asesoría xurídica emite informe favorable ao cambio de uso con respecto ao procedemento a seguir.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O cambio de uso é posible por estar así previsto na lei e no informe favorable do xefe de servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, en funcións de arquitecto municipal por resolución número 404 de 18 de marzo de 2021.

A este respecto, o artigo 42.5 da Lei/2016, do Solo de Galicia, dispón que o Concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que mantexa a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres público.

SEGUNDA.- En concordancia coa Lei do Solo de Galicia o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local dispón que estamos ante unha competencia do Pleno, debendo seguirse o procedemento recollido no título terceiro do capítulo I: funcionamento do Pleno, do Regulamento Orgánico municipal. Tendo en conta os antecedentes e fundamentación xurídica que se cita,

PROPÓNSE:

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso da parcela da escola infantil de Celas IN-10, situada no Lugar de Celas núm 11, coa Ref. Catastral 8087401NH4888N0001IK, coa clasificación urbanística, de acordo co PXOU, de solo urbano equipamento docente preescolar a outro uso de equipamento asistencial público.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOGA, e remitilo a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos de inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia.”

Aberta a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, fai unha exposición da proposta presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle gustaría saber onde se ten pensado ubicar ás asociacións que a día de hoxe desenvolven as súas actividades no edificio referido na proposta e se a carballeira vai desaparecer, posto que esa é a sensación que dá á vista do proxecto que o equipo de goberno anuncia na prensa; pregunta tamén polo uso do edificio e se se vai adicar a centro de día ou a residencia de maiores, e quen vai levar a xestión de dito centro.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a obra que se recolle na proposta que se presenta non afecta ao outro edificio polo que as asociacións que ocupan o que viña sendo a escola unitaria seguirán aí salvo que no momento de realizar a obra, por unha cuestión de seguridade, non poidan estar pero que o edificio que contempla a proposta que se presenta é un edificio totalmente novo; di que en principio non se contempla a tala de ningunha árbore aínda que puidera ser que durante a realización da obra houbera algunha modificación; que con respecto á obra, esta é unha obra solicitada polos veciños e polas veciñas de Celas e froito dun convenio co monte en man común, sendo o título do proxecto claro que suporá unha vez feito un equipamento municipal polo que a xestión é municipal; que se conveniará o seu uso coas asociacións de Celas, tendo como particularidade que vai destinado a persoas maiores, non afectando ao edificio que hai actualmente en Celas.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é unha boa noticia saber que o proxecto que se contempla na proposta avanza porque o que se propón con ela é adoptar unha medida que, aínda que non sexa suficiente para que o proxecto vaia adiante, é necesaria e conta cos informes favorables; que o título da proposta é proposta da concelleira delegada da área de

Código do documento	Código do expediente
USG15I040W	USG/2021/208
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2H30 5R2C 0V12 505S 1A1A	

Urbanismo para cambio de uso da parcela da escola infantil de Celas situada no lugar de Celas, número 11, coa referencia catastral que se recolle e coa clasificación urbanística, de acordo co PXOU, de solo urbano equipamento docente preescolar a outro uso de equipamento asistencial público, polo que na sesión plenaria que se está a celebrar soamente se aproba o cambio de uso da parcela, medida necesaria pero non suficiente para que o proxecto avance; que o BNG vai votar a favor desta proposta, repetindo unha vez máis que é necesaria aínda que non suficiente, e di que este é o camiño que ao seu grupo lle gustaría e, aproveitando a ocasión que teñen os membros do goberno municipal solicita que se aclare o proxecto para toda a xente de Celas e de todo Culleredo para que se poida ter unha idea de en que consiste e cal é o fin que se pode agardar e di que hai varias cousas que o goberno municipal debería aclarar, engadindo que hai dúas cuestións, tales como o informe do arquitecto municipal de data 21 de marzo no que se recolle que procede a aprobación do proxecto de referencia pero que precisará informe favorable de Aesa e precisará informe favorable de Augas de Galicia, preguntando se están tramitados eses informes necesarios e se este proxecto se vai poder someter a licitación no que queda de ano ou se hai que agardar por ditos informes; di que sería bo que se expuxera o proxecto ao público e que todo o mundo o puidera ver a maiores do que vén de explicar o Sr. alcalde respecto das dúas edificacións; di que lle pide ao concelleiro de Obras ou a quen lle corresponda que aclare se se pediron os preceptivos informes e se podería estar licitado no que queda de ano.

Segue a dicir que hai que lembrar que as primeiras noticias que saíron na prensa no 2017, hai xa catro anos, eran claras e dicían que se trataba dun centro de día e a veciñanza de Celas e de todo Culleredo está ilusionada por poder contar cun centro de día público máis, en particular por un centro de día no rural; que no título se pode ler "centro rural dinamizador de persoas maiores" e pide que se aclare isto porque os centros de día están regulados no DOGA e deben cumprir uns determinados preceptos e, dado que non se pode consultar o proxecto, non se pode verificar se realmente se cumpren ou non as esixencias ofrecéndose a ler algúns dos apartados que teñen que cumprir os centros de día pois non se trata simplemente de facer un edificio; di que lle parece lembrar que nalgún momento se dixo que se estaba en negociacións coa Xunta para darlle ao edificio que se proxecta a dotación necesaria para cumprir co obxectivo de que fora un centro de día e solicita información sobre en que estado están ditas negociacións se realmente existiron nalgún momento ou se hai algún camiño alternativo para a edificación que se proxecta e chegue a ser o centro de día que a veciñanza está agardando; pregunta se hai algún borrador, algún documento que se poida consultar de como se vai regular o acceso ás prazas de atención que se creen e cantas prazas vai ter, se vai ter unha tarifa polo uso e cal vai ser, engadindo que hai que ir preparando todo iso por se nuns meses o edificio estivera rematado, e di que o seu grupo lle solicita tamén á concelleira de Benestar, ou a concelleira de Maiores ou a quen proceda, que aclare estas últimas cuestións polas que preguntou.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que, como ben anuncia o título do proxecto, trátase dun "centro rural dinamizador de persoas maiores" polo que non ten nada que ver cun centro de día, explicándoselle xa aos veciños e veciñas e diferentes asociacións que estiveron na reunión cal era o motivo de que fora un centro rural dinamizador e non un centro de día xa que para este último era necesario cumprir unha normativa demasiado estricta, estando pendente todavía, unha vez que se licite a obra, a fase de negociación cos veciños e veciñas que probablemente estén en disposición de xestionar eles directamente o que é o centro e, tal como dixo antes o Sr. Mourelle Botana, poderíase facer algún tipo de convenio ou acordo con outros centros cívicos que hai no Concello e coa asociación de veciños de Celas para que eles mesmos o xestionen tal como o solicitaron; di que o motivo de cambiarlle o nome e chamalo "centro rural dinamizador de persoas maiores" foi precisamente porque para que fora un centro de día propiamente dito habería que cumprir uns requisitos demasiado estrictos que non parecen os máis convenientes á hora de elaborar o proxecto, non supoñendo óbice para que no día de mañá se poida adaptar a calquera outra necesidade que poida haber ao respecto; di que as achegas feitas son positivas e tidas en conta polo equipo de goberno, explicadas xa nos mesmos termos aos que solicitaron dita obra e, unha vez que se licite, pois era esta aprobación que se solicita o último paso necesario para colgalo no perfil do contratante, producíranse as reunións pertinentes cos veciños, que xa saben perfectamente cal é a finalidade do centro que se pretende construír.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que, escoitando o que vén de dicir o Sr. alcalde-presidente, sobre que os veciños de Celas están conformes e que pasarían eles a xestionar o centro...

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que os veciños están informados e que non dixo que serían eles os que xestionarían o centro senón que se valoraría a posibilidade de que puideran eles xestionar e informa de que a liña que se pretende seguir cos centros sociais vai variar pois intentarase achegar persoal para limpeza, conserxerías,

Código do documento	Código do expediente
USG15I040W	USG/2021/208
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2H30 5R2C 0V12 505S 1A1A	

etc, e non deixarlle esa responsabilidade aos veciños e o seu uso, sobre todo pola pandemia que por desgraza non acaba de desaparecer, que se xestione o máis posible pola veciñanza, a diferenza do que se facía anteriormente; di que el non dixo que o ían facer os veciños senón que nun momento determinado, en reunións ás que el mesmo asistiu xunto coa concelleira de Benestar e a asociación de veciños de Celas, valorouse a posibilidade de que así se fixera, supostos que se deberán matizar no momento de ultimar os detalles da súa posta en marcha.

Deseguido o Sr. Chouciño Garrido pregunta se este centro ten previsión dunha data de posta en marcha.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que agora se vai licitar e que, unha vez que se licite e se faga, marcaranse os prazos, pois unha vez que se licite ten que estar un mes colgado no perfil do contratante, e despois aínda hai que facelo, polo que hai tempo para falar diso.

O Sr. Chouciño Garrido di que van xa catro anos falando desta cuestión, que non é trivial pois entre a veciñanza haberá xente que, desde hai xa eses catro anos, estea intentando planificar a súa vida, a súa conciliación laboral e familiar e mirando por prazas en centro de día, podendo haber a día de hoxe xente tamén planificando esas necesidades e que agora estará levando unha sorpresa ao ver que en lugar dun centro de día faise un centro dinamizador de persoas maiores e que non hai unha data marcada.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el non dixo que non houbera unha data senón que, mentras se licita e se fai o centro, hai tempo suficiente para decidir todas esas cuestións das que está a falar o Sr. Chouciño Garrido.

O Sr. Chouciño Garrido intervéñ e di que lle tranquiliza o que vén de dicir o Sr. alcalde e que non vai preguntar nada máis porque ve que non hai moito que responder.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica de data tres de decembro de dous mil vinte e un, resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)